


NÚMERO 23//OUTUBRO 2023

CHÍO

SAN FROILÁN




A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO

Obra de Xosé Manuel Otero

Xosé Manuel Otero

Inicia a súa andaina pública no mundo da fotografía polo ano 1990 tratando fundamentalmente temas etnográficos. Cos anos vai evolucionando a temas máis minimalistas e abstractos, onde predomina o entorno urbano, salpicado, case sempre pola figura humana. No relativo á técnica, aposta a partires de principios de século decididamente polos procesos químicos de branco e negro como un valor engadido ao seu traballo. A súas obras expuxéronse en museos, casas da cultura e salas, tanto particulares como públicas, todas elas repartidas entre A Coruña, León, Lugo, Ourense, Barcelona, Braga, Gijón, Madrid, etc... A súa obra está espallada en distintos libros, revistas e folletería diversa.



COLABORACIÓN



PORTADA INTEGRAL





MATERIAL IMPRESO

Polvo. Vicio. Viaxes. Silencio. Integración. Misterio. Libros. Clubs de lectura. Paixón. Estudo. Imaxinación. Luxuria. Bibliotecaria. Corredores escuros. Novelas. Usuario. Recuncho. Contacontos. Páxinas. Voces febles. Cultura.

Con todo, son tamén a maxia máis oportuna no momento de sacar o coello do chapeu; son a fiestra pola que respirar novos aires; son silencios amigos para berrar ca boca pechada; son poemas de amor xa esquecidos; son milagres cálidos, onde tomar o seguinte tren; son refuxio de incomprendidos; son aeroportos onde coller un avión que non existe, para viaxar polo mundo adiante...real ou fantástico; son centros de conexión; son teares nos que se cruzan os fíos sensibles entre lectores e lectoras; son beizos que borboriñan unha hora, outra hora e outra máis; son historias fantásticas e maravillosas; son o templo dos descreídos; son lendas prendadas na cabeza; son moedas de ouro para quen guste de ler;...

As bibliotecas son a inversión que todos e todas precisamos para seguir sendo libres, pensantes e un chisco máis críticos. Visítaas sempre!

MELINA LÓPEZ

Diferente

Lara Méndez
Alcaldesa de Lugo



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Preferiblemente ningunha. Contesto xa constantemente a todo tipo de preguntas, algunha bastante desconcertante, créame, pero é parte do meu cargo e sempre estou a disposición de explicar os proxectos para Lugo. Pero, quizais, un "que tal Lara?"

E cal sería a resposta?

Ben, con forzas e sempre ilusionada.

Unha película?

Mencionar unha soa é complicado. Antes de ser alcaldesa, era unha fan do cine en pantalla grande. Pero quédome con dous, 'O que o vento se levou', un clásico enorme e unha das películas de maior intensidade da historia, e 'Billie Elliot', pola forza que amosa para romper cos estereotipos.

Un actor?

Falemos de dous, un galego da provincia de Lugo, que é Luis Tosar, e George Clooney. Moi bos actores os dous e moi comprometidos.

Unha actriz?

Audrey Hepburn, unha actriz cautivadora.

Unha canción?

Calquera de Joaquín Sabina. Para cada estado de ánimo, atopo sempre unha letra súa que me transmite emocións.

Un libro?

Un dos que me deixou maior pegada foi 'La sonrisa Etrusca', de José Luis Sampedro, unha novela chea de beleza e tenrura.

Un autor?

Difícil pregunta. Non sería xusta se digo un só nome.

Un articulista?

Leo a moitos e na maioría das ocasións me quedo máis cos contidos dos seus traballos que, claro, uns me gustan máis que outros. Pero vou tirar de proximidade, e cito a Miguel Olarte, porque o seu uso da retranca galega sempre consegue arrancarme un sorriso.

Un político?

Todos aqueles que estiveron sempre ao meu carón e os que formaron parte leal do proxecto que lidero e das ideas que comparto.

Un tempo?

O actual. Son de planificar o futuro, pero de vivir o día a día coa maior intensidade.

Un taco?


En público, nunca.

Que lle molesta?

As faltas de respecto e de educación. Tamén a mentira.

Alguén ou algo despreziable?

Todas aquelas persoas e ideas que pretenden frear, impedir ou recortar os dereitos das persoas.



SAN FROILÁN 2023



Conta o marabilloso cronista que era **Ánxel Fole** que unha mañá da festa de San Froilán, un labrador de Penamaior quedou mirando ao antaño famoso loro do parque, **Perico**. *Litrando pre il* e o Perico molestouse:

-*Concho! Caracho! Seica non téis que facer, payolo?*
O labrador sacou o sombreiro e dixo asombrado:

-*Perdone, señor, si lle faltei. Eu coidéi que era un paxaro.*


BOAS FESTAS!

SEIS, SON MEDIA DUCIA

PACO NIETO*

himno san froilán

Gran traballo de **Totó e Marta**. Non é o himno oficial das Festas de Lugo, pero merecería selo. Parabéns a **Antonio Abuín**, "To" gran músico e persoa.




octubre

Respetada, reconocida y admirada. A estas alturas hablar de **Luz Casal** es hablar de un mito en la música española y también internacional. La peculiar voz de Luz Casal brilla con Luz propia, también con baladas tan hermosas como esta.




balada de otoño



La nostalgia, la naturaleza en camino de la renovación, La Balada de Otoño de **Serrat** es una de esas canciones para toda la vida, como tantas de El Nano. Cuarto LP de Serrat, (Primero en Castellano) editado en 1968.

autumn leaves

Siempre impecable y también emocionante; en el año 2010 **Eric Clapton** edita su 19 LP en el que incluye un clásico de la música francesa, "Les feuilles mortes" es de 1945 y en Francia la popularizó el gran Ives Montand. Más de 400 artistas en todo el mundo versionaron este tema, también Clapton.



october road

Entre los cien mejores artistas de todos los tiempos (84). La de **James Taylor** es una música suave, sensible y tranquila; pertenece, por derecho propio a la llamada "Generación de Cantautores". James Taylor, hay que profundizar en su obra, merece mucho la pena.

viento de otoño



Un tema imprescindible de 1968, de un grupo imprescindible, **Los Pop Tops**. Grupo formado por grandes músicos que tuvieron el acierto de fichar a un vocalista procedente de Trinidad Tobago que resultó ser una verdadera mina en el bien hacer vocal del grupo, Phil Trim.



CATRO BIBLIOTECAS

RIQUEZA ARREDOR DA RÍA DE
RIBADEO

ANTONIO GREGORIO MONTES

As Figueiras, Castropol, A Veiga, Ribadeo. As bibliotecas públicas das catro vilas apértanse arredor da ría, ás veces tan ou máis descoñecidas que algúns lugares da súa ribeira. Aloxadas nunhas antigas escolas, nun vello casino, nun edificio feito ex profeso para acubillar un centro cultural, ou entre uns vetustos nuos hoxe adicados a ela por enteiro, a diversa aparencia configura en troques unha mesma idea: a da biblioteca inclusiva, aberta a, e a disposición de, veciños e visitantes. O mesmo que a ría.

Calquera das catro está ben situada na súa contorna, e no seu interior dá acubillo a bos ambientes. Así, en plural, pois calquera delas dispón de espazos diferenciados nos que sentirse a gusto segundo idade, carácter ou tarefa que se pretende no momento.

En canto ós fondos de que dispoñen, varían moito dunha a outra. Non na procura de diversidade separadora, que non pretenden, como pola variedade derivada da cantidade. Todas dispoñen de fondos locais ou referidos ó entorno da ría, e aí estímase a riqueza non só das propias bibliotecas, senón tamén da sociedade da contorna na que están inmersas.




Nas Figueiras, o sinxelo andar do edificio ilumina o seu exterior ó paso de quen vai pola vía, establecendo unha continuidade e entendemento entre ambos mundos.



COLABORACIÓN

En Castropol, a subida polas vellas escaleiras de acceso prepara para un mundo máxico e ben relacionado coa xente que alí asoma e as árbores do parque máis aló das fiestras. Un mundo que comezou circulante hai 101 anos e que pode lembrar o paso de La Barraca polo pobo a carón dos 26 000 volumes de que dispón ou das múltiples actividades que a fan salientar a máis de achegala, de facela máis humana.


A Veiga pode presumir de instalacións de luxo. Luxo que se pon de manifesto con só usar seu andar superior ou o chan vidrado da sala de lectura informal, mesmo no breve intre da espera do comezo dunha actuación no auditorio contiguo. Luxo que se contaxia dende e para os libros e a súa lectura.





E Ribadeo? Fondos extensos (57 000 volumes), placidez, espazo, acompañan a libros ben anteriores ás súas actuais instalacións, mesmo ás xa hai longo abandonadas da Torre dos Moreno. Os fondos cedidos por (e ó espírito de) Daniel Cortezón (6000 vol.) ou Dionisio Gamallo (12 000), ou o protexido prego co poema Pensando en ti, Lola, de José María Alonso de Trelles e Jarén, van da man do Viejo Pancho que dá nome á biblioteca. O mesmo que os textos editados hai uns anos con motivo do seu cincuenta aniversario, unha gabanza necesaria e unha proxección cara ó futuro.

24 DE OUTUBRO. DÍA DAS BIBLIOTECAS



Desde o ano 1997 celébrase, cada 24 de outubro o **Día das Bibliotecas**. Unha celebración que nace a raíz da iniciativa da [Asociación Española de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil](#), tendo un obxectivo claro: concienciar á sociedade da importancia da lectura e ademais, facer unha homenaxe e recoñecemento público, ó labor do persoal bibliotecario.

A maiores, a celebración do día, ten un fío conductor temático cada ano, tal e como queda reflectido no lema do póster anual.

Pero, por qué ese día precisamente festexamos ás bibliotecas?

Non existe unha explicación por teren escollido esa data concreta, mais sí hai unha intención relacional, como é a de lembrar a destrución da biblioteca de Sarajevo durante a guerra dos Balcáns en 1992, cando desapareceron centos de miles de libros e moitos incunables.

De feito, é unha data para vivir nas propias bibliotecas, que sempre organizan actividades específicas nese día.



Unha das imaxes máis destacadas que quedou na memoria colectiva, é a do músico bosnioherzegovino **Vedran Smailovic** tocando o seu violonchelo entre as ruínas da Biblioteca de Sarajevo.

Vedran, que vivía a poucos metros do lugar e foi testemuña directa da destrución, decidiu facer o que mellor sabía: música no propio campo da batalla.

Todos os días, durante os 22 que seguiron a ese inicial, ás catro da tarde, Smailovic poñía o traxe de gala, collía o chelo, unha cadeira e tocaba en lembranza dos mortos, o Adagio en sol menor de **Albinoni**.

O incendio de 1992 destruíu miles de libros. Varios volumes, non entanto, puideron ser salvados nos primeiros momentos do incendio, cando os empregados da biblioteca, comezaron a lanzar libros e documentos polas fiestras.

O home que ordeou tal ataque foi **Nikola Koljevic**, un profesor universitario de literatura especializado na obra de Shakespeare, quen vía no estilo arquitectónico oriental da biblioteca, unha mostra de impureza da Grande Serbia buscada pola formación política ultranacionalista, da que el mesmo se fixo defensor.



“La biblioteca era una r tula, un punto de uni n y de encuentro entre las distintas culturas representadas en una ciudad, que lleg  a ser considerada como la segunda capital del Imperio Otomano. La joya de la posesi n turca en Europa. Quienes ordenaron el ataque quisieron destruir esa r tula, para reconfigurar la historia. Atacaron el pasado y tambi n el presente m s inmediato”

La Vanguardia: [El hombre que incendi  la biblioteca de Sarajevo](#)

Contamos con varias bibliotecas en **Lugo** para poder evadirse en ciertos momentos: a provincial, a intercentros, a municipal Isidro Novo, as escolares,...e outras que te nen restrici n de entrada e non obstante,   unha m goa que non se co ezan.

Dende **Ch o** pux monos en contacto con algunhas desas bibliotecas singulares da cidade para completar esta reportaxe e non obtivemos resposta.

Sen embargo, somos da crenza de que un libro e unha biblioteca viven mellor, abertos.



REVELATORS

UNA BANDA PARA HACER (DE NUEVO) HISTORIA



MATERIA LUCENSE



La nueva banda del ex guitarrista de Radio Birdman Chris Masuak, **Los Revelators**, nació en un garaje detrás de las antiguas murallas romanas de Lugo, en Galicia.

Los Revelators son una banda con sangre internacional y unida por un amor compartido por el rock and roll duro de los años 60 y 70. Lo tocan duro y rápido, produciendo en su mayoría canciones originales impregnadas de psicodelia, surf, garage rock y punk y mezcladas con una guitarra intrincada y los tonos inconfundibles de un órgano Hammond.

El guitarrista **Chris Masuak** nació en Canadá, creció en Australia y reside en Galicia, y ha tocado con bandas legendarias como Radio Birdman, New Christs, Hitmen y Screaming Tribesmen.

La sala de máquinas de Revelators en oro laminado la forman **Fito** (bajo) y **Bambi** (batería), miembros del grupo pionero del garage rock gallego, **Los Contentos**. Completa la formación el teclista **Andrés Hensel**, un intérprete muy polivalente que nació en Ecuador y ahora reside en Lugo.

Los Revelators se basan en influencias atemporales como The Sonics, The Seeds, The Music Machine, Steppenwolf, Blue Oyster Cult, the Stooges y The MC5, pero producen un sonido propio.

Tienen un repertorio extenso, compuesto por sus canciones originales y algún que otro cover clásico, a veces haciendo referencia a material de sus grupos anteriores.

Diferente

Pelúdez



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

E logo, porque mo pregunta?

E cal sería a resposta?

Como dixo o Carlitos Dickens ese, "Non preguntes nada, e así non che dirán trolas"

Unha película?

Case que calquera de Cantinflas, pero a que máis me gustou é a do "Bolero de Raquel" onde se marca un baile que nindiola.

Un actor?

Bueno eiquí vou cambiar, vou decir Mario Moreno, jejeje.

Unha actriz?

Rita Jaibor, pero onde esté a niña Filo...

Unha canción?

Case que calquera das da Banda de Música de Lugo, pero si teño que dicir so unha, escollo a de Festa na Tolda; ah!, tamén aquela de Manolo Escobar que se chama "Solo te pido", ¡como me gusta bailala!



Un libro?

Voulle decir tres, si non lle importa; o primeiro e moi en serio, case que calquera do Darío Xohan Cabana; o de Morte de Rei, ta moi ben. E os outros dous que me gustan son o librilla do papel de fumar e o librito, mais ben libreta do banco, ten poucas letras e moitos números, e moitos en vermello (Pelúdez, chisca ó ollo).

Un autor?

Falei antes do Darío, pero don Alvarito, o de Mondoñedo, sempre me gustou, e ó Juan Soto, menuda estilográfica ten ese home, cando se pon, non deixa títere com cabeza. Bueno claro e como vou esquecer a Rita de Castro, a min gístame chamala polo seu segundo nome, aij, a Rosalía.

Un articulista?

Voulle dicir cinco, si non lle importa, è que son coma fillos: Antonio de Cora Sabater, José Ramón Somoza, Purificación de Cora Sabater, Xosé Trapero Pardo e Xosé de Cora.

Un político?

Meu fillo, en menudo lio me metes, si digo a verdá, minto; pero bueno voume mollar... bueno mellor, non, que logo cóllenme rabia os de enfrente e non pagan nin un chato de Barrantes; pero po ano, si Deus quer, direiche cal é, vale?.

Un tempo?

Que chovajjj, que á secar todo.

Un taco?

Coñolas, carafio, cajiná... estos son de andar pola casa. Os fin de semana teño outra selección deles, pero non os vou decir, que pechan o quiosco.

Alguén ou algo despreziable?

Arre carallo!, meu, cantas páxinas tes nesta revista?; pero bueno, vouche decir un para quedar ben: o lambón do meu veciño que anda a sacar o mel das miñas colmeas.

Como o pille coas mans na masa, unto de mel e boto ó oso. Nai que o pariu!!!.

Algo mais?



A BOCADOS

Compilamos eventos, ou recomendacións culturais coma quen recolle amoras e logo vai degustando...sen poder parar.

Con ocasión do día das bibliotecas, traemos esta obra (dispoñible na biblioteca pública de Lugo) de **Manuel F. Rodríguez**, un sarriano, xornalista, investigador, escritor, peregrino, técnico da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo.

Posiblemente a persoa que máis e mellor coñeza todo o que ten que ver cos Camiños a Santiago, autor da imprescindible **Xacopedia**



Da que sirva como sinopse, o que segue:

Marcos Albaredo, xornalista, decide desentrañar o roubo da cruz grega de Alfonso III, venerada polos peregrinos europeos e a máis antiga ofrenda coñecida, ao apóstolo Santiago conservada na catedral da cidade. Esa desaparición agrávase cando en 1921, arde o retablo onde se amosaba. Outro feito histórico sen resolver.

Cen anos despois do roubo, todo rexorde e a clave parece estar nunha viaxe metafórica e real ao finis terrae.



No eido musical, un evento que sempre merece a pena salientar e non pertence á programación do San Froilán, é a celebración do **Festiblás**. A finais de mes, no **Clavicémbalo**, pasa por ser cita obrigada se queres calidade.

Ao peche deste número, chega a nova do **Premio Nacional de poesía** para **Yolanda Castaño**, así que temos que despedir cun fragmento poético*:

*Todo lo que fui olvidando
lo recuerda mi cuerpo por mí.
El pozo, el túnel, el
botón de arranque.
Pura demo(n)stración.
La unidad familiar comienza con el
ruido de un cuerpo.
Con ellos tengo este puente y su
lenguaje secreto.*

Lede poesía, ho!

ACLARANDO SE É PRECISO.

Ante todo, lembra que, polo menos ata o día de hoxe, este número de **Chío** (e os anteriores) está dispoñible para descarga de balde na web www.lugosempre.com

En relación aos **contidos** deste **Chío**, aclaramos :

- O autor do cartel de San Froilán 2023 é **Jordi Sabat Ortiz**; a anécdota transcrita atópase na obra "Ánxel Fole. Paseante en Lugo" José de Cora
- A selección musical, a cargo de **Paco Nieto**, está pensada para escoitar mentras se chía (ligazón mediante).
- O **DFrente** do **Pelúdez** vai transcrito segundo fala o propio persoeiro.
- **Nuria Rianza** é quen asina o deseño para o día das bibliotecas.

- É **Leandro Barea** quen deseña o póster para o Festiblas.
- O fragmento incluído en *A bocados* pertence ao poema "Primera casa", do libro "Materia". Yolanda Castaño.

Con respecto ás **imaxes**, aclaramos que todas son de autoría propia, ou cedidas con gusto, polo autor/a ou artista.

A imaxe relativa as bibliotecas como inversión, está publicada na rede polo Sistema Nacional de Bibliotecas Públicas.

Ao longo da revista, existen **diferentes ligazóns** (subliñadas) que enriquecen os contidos aquí vertidos e invitamos a aproveitálos.

Coordina e dirixe Chío, Melina López



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)



[@lugosempre](https://www.instagram.com/lugosempre)